

Síguenos en

 <https://www.facebook.com/bibedu>

 [@biblioeduca](https://twitter.com/biblioeduca)

 <https://es.pinterest.com/cineduca>

<https://es.pinterest.com/beduccion>



Recuncho de Lectura, Bibliotecas
FACULDADE Ccs. da EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org
nebedaclubelectura.wordpress.com

educacion.bib@udc.es



-12-

xaneiro – marzo 2017

BIBLIOTECA DA FACULDADE DE
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

Servizo de apoio ao PDI

Convocada a III edición do curso *Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación*, que imparte a Biblioteca, coa colaboración do CUFIE.



Na primeira convocatoria participaron 8 docentes da nosa facultade, e na segunda elevouse o número a 16 (entre docentes e doutorandos). O curso é semipresencial, cunha parte en Moodle e un obradoiro personalizado na Biblioteca. Cada participante rematará a sesión co seu perfil creado en ORCID e con todas as súas publicacións engadidas, perfís unificados en Scopus, Research Id, correccións en Dialnet, etc. Tamén subiremos documentos ao RUC e veremos recomendacións para publicar con impacto. Aconsellámosvos a súa realización. O prazo remata o 15 de xaneiro, as prazas son limitadas, adxudicadas por orde de inscrición.

Igualmente, lembrámosvos que podedes **solicitar formacións e apoio** para procuras en bases de datos, xestores bibliográficos, saber en que revistas podedes publicar, realización de informes do impacto das vosas publicacións para avaliación da produción científica...

O **xestor de referencias Refworks** mudou de plataforma, aínda que convivirán a vella e a nova durante un tempo, pero se queredes, xa podedes comenzar a probar a nova, axudámosvos!!!

Bibliografía recomendada

Como xa vos comentáramos nun correo hai uns meses, sería moi útil que calquera cambio que fagades na bibliografía recomendada nolo comuniquedes, xa que así sempre poderá estar actualizada no catálogo para que o alumnado a recupere e coñeza a súa disponibilidad na Biblioteca. Abondará con que nos enviades un correo cos cambios.



Imaxe de Olga Berrios

ALFIN

No primeiro trimestre do curso realizamos a primeira sesión de **formacións para alumnado de TFG**, a segunda está prevista para o mes de febreiro.

Como cada ano, realizaremos **sesións formativas integradas na aula**, para alumnado de primeiro, coa colaboración da profesora Loli Cotelo. Se alguén precisa algunha destas sesións non ten máis que solicitalo na Biblioteca.

Nos **programas de doutoramento** inclúese a obtención de competencias informacionais, con formacións obrigatorias en procuras de información, utilización de recursos electrónicos e xestores de referencia, impartidas pola Biblioteca. Contactade con nós para organizalas con tempo. Tamén no caso dos

cursos para TFM. No primeiro trimestre xa impartimos varios e temos previstas máis formacións nos meses de xaneiro e febreiro.

Logo da Biblioteca

O novo ano chegou cun agasallo, o logo da Biblioteca, deseño de Roberto Suárez Brandariz, profesor no noso centro, polo que estamos de estrea. Encántanos.



Recursos electrónicos

Contamos con dous novos paquetes de libros electrónicos de Elsevier e Wiley, accesibles no buscador de recursos electrónicos da Biblioteca, Pórtico sfx.bugalicia.org/aco/azbook.

- Elsevier: obras publicadas entre 2015-2016, de 23 coleccións temáticas que inclúen psicoloxía e ciencias sociais.
- Wiley: colección (19.248 libros).

Outros paquetes de libro electrónico disponibles na Biblioteca:

Obras de referencia dixital: Blackwell Encyclopedia of Sociology, Dicionario

Slabý/Grossman español-alemán, Enciclopedia Multimedia Durvan, Espasa Universal, International Encyclopedia Of Communication, Oxford English Dictionary, Palgrave Dictionary of economics, Visión Médica Virtual

Coleccións temáticas e multidisciplinares, das que poden ser de interese para as vosas áreas: Ebook colección (EBSCOhost) e Lion (Literature ONline)

A Biblioteca non conta aínda cun sistema de préstamo de libro electrónico que xestione licencias DRM, pero si dispón de e-readers para levardes en préstamo, no que podedes descargar literatura científica das coleccións subscritas e obras de lecer de dominio público.

Acceso á nova base de datos de psicoloxía, Psychology database, produto de Proquest que inclúe, ademais de títulos de revistas, working papers, conferencias, vídeos, táboas e audios.

Exposicións

“Falemos galego nas aulas”, obras seleccionadas no concurso de cartaces convocado pola Biblioteca en colaboración coa aula de plástica da facultade, a iniciativa de Roberto Suárez Brandariz. Complétase cunha mostra bibliográfica nas nosas vitrinas. Os cartaces gañadores, de Chisco Babío e Tamara García Ramos, utilizaranse para promocionar na facultade o uso do galego nas aulas.



Datas: ata 25 xaneiro
Lugar: Recuncho de lectura

“Galgo. A beleza da fragilidade”, exposición fotográfica de Víctor Arufe Giráldez. Inaugúrase o 26 de xaneiro ás 12.30 coa presenza do autor e unha modelo moi especial, Khalissa, nunha proposta educativa de sensibilización coa protección e contra o maltrato de galgas e galgos. Víctor é profesor na facultade.



Datas: xaneiro-febreiro
Lugar: Recuncho de lectura

“Un cuarto de revelado propio” de Inma García-Fuentes Corredoira, fotógrafa, que tamén é alumna de TFG neste centro.



Mostra sobre a invisibilización da muller neste ámbito, dende o comezo da fotografía ata a época de entreguerras. Inaugúrase o 8 de marzo e realizaremos actividades paralelas.



Datas: marzo
Lugar: Recuncho de lectura

Imaxe de Grete Stern

“Un mapa urbano para Educación Infantil”. Exposición de traballos realizados polo alumnado do grupo B de 3º Grao de Educación Infantil, dentro da materia “Medio social e cultural e a súa didáctica”, en colaboración co seu profesor, Uxío-Breogán Diéguez-Cequiel.



Datas: febreiro
Lugar: “Peceiras creatividade” e outros espazos

NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios



cc Raul Lieberwirth

Comezamos o ano con teatro, lendo *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal. Teremos un encontro co autor o día 26 de xaneiro ás 17 h, coma sempre cun té quente e doces caseiros. E xa case na primavera, tócalle a quenda á poesía, da man de María do Cebreiro e *O deserto*.



Encontro literario con Rubén Ruibal
Data: 26 de xaneiro, 17.00 h
Lugar: Recuncho de lectura



Encontro literario con María do Cebreiro
Data: marzo, data a determinar, 17. h
Lugar: Recuncho de lectura

Asistencia libre. A través do noso blogue podedes participar con comentarios. Paralelo ao clube e o encontro está o cineclube, moderado polo profesor Juan José Bueno Aguilar. Coordina o clube: Inma Doval Porto. Apoio económico do SNL, a través da CNL. Colaboración da editorial Galaxia.

nebedaclubectura.wordpress.com